



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Consello da Cultura Galega en materia a de normalización lingüística

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará co Consello da Cultura Galega, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e o Consello da Cultura Galega, para conseguir unha maior presenza da lingua galega na sociedade en xeral e por iso, ambas as dúas institucións colaborarán no desenvolvemento de actividades de normalización para fomentar a lingua e a cultura galegas como creacións orixinais do pobo galego entendidas non só como unha herdanza que cómpre conservar e transmitir, senón como patrimonio que cada xeración debe coidar e mellorar.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co que dispoñen o Estatuto de autonomía para Galicia e a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega correspóndelle ao Goberno galego, que deberá garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para o seu fomento.

Que as partes asinantes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega especialmente no ámbito



en que desenvolve a súa actividade o Consello da Cultura Galega que ten carácter de órgano asesor e consultivo e a quen lle compete a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade o único órgano consultivo en Galicia con estas características, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase telematicamente esta memoria, en Santiago de Compostela.





XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

